



CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO TIPO CADRICICLO PARA TRABALLOS ÚTILES (UTV) E COS ACCESORIOS MÍNIMOS PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DOS PEÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

Tipo de contrato: contrato de subministracións

Tramitación: ordinaria.

Licitación: electrónica.

Valor estimado do contrato: 16.859,50 € sen IVE

Presuposto base: 16.859,50 €; IVE: 3.540,50 €; Total: 20.400,00 €

DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Publicada no DOG (núm. 17) a Orde do 28 de decembro de 2023, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Concedida pola Dirección Xeral de Administración Local unha subvención, para financiar o proxecto denominado “Salnés ambiental XII: actuacións de conservación ambiental”.

Visto que dende a Mancomunidade se van desenvolver unha serie de actuacións que contribúan á consecución dos obxectivos establecidos en materia de xestión de residuos municipais, dentro do proxecto “Salnés medioambiental XII: actuacións de conservación medioambiental nos núcleos rurais dos nove concellos da Mancomunidade do Salnés”.

Visto que o presente contrato ten por obxecto establecer os requisitos e condicións para a contratación da subministración de un vehículo novo, co obxecto de dotar dos medios necesarios o servizo compartido de conservación e restauración do medioambiente e reequilibrio territorial, que se desenvolve en paseos, pistas rurais, cunetas, áreas recreativas, roteiros de sendeirismo e roteiros BTT dos núcleos rurais dos nove concellos da comarca do Salnés: Cambados, A Illa de Arousa, O Grove, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

A materialización desta acción vaise levar a cabo mediante un contrato de subministracións, dentro do proxecto Salnés ambiental XII: actuacións de conservación ambiental.

Visto o expediente de contratación do servizo incoado, por procedemento aberto, para a subministración dun vehículo tipo cadriciclo para traballos útiles (UTV) e cos accesorios mínimos para a realización dos traballos dos peóns medioambientais.

Redactados o Prego de Prescricións Técnicas (PPT) e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

Emitidos os informes de Intervención e Secretaría.

Existindo consignación suficiente na aplicación do orzamento de gastos prorrogado para o ano 2024, nº 172.609.00 (Accións Fondo Compensación Ambiental), con cargo a unha subvención cofinanciada nun 65,00 % pola Dirección Xeral de Administración Local, mediante o instrumento financeiro de redistribución Fondo de Compensación Ambiental (FCA) e, nun 35% con cargo a fondos propios procedentes de achegas dos concellos.

Á vista das características e do importe do contrato, óptase pola adxudicación mediante





procedemento aberto.

Visto que, como órgano de contratación, correspóndelle á Presidencia a adxudicación do contrato e demais actos precisos para a tramitación do expediente, así como os relativos á interpretación, modificación, suspensión ou resolución do mesmo.

Examinada a documentación que o acompaña; visto o informe de Secretaría e, de conformidade co establecido no artigo 117 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, esta Presidencia **RESOLVE**:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, para a subministración dun vehículo tipo cadriciclo para traballos útiles (UTV) e cos accesorios mínimos para a realización dos traballos dos peóns medioambientais.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación presupostaria nº 172.609.00 (Accións Fondo Compensación Ambiental).

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas (PPT) e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para a presentación de ofertas durante o prazo de 15 días naturais desde o día seguinte ao da publicación.

QUINTO.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular, o Prego de Prescricións Técnicas (PPT) e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

Mándao e asíno o Presidente, do que eu, como secretaria, dou fe. En Cambados, á data da firma electrónica.

O PRESIDENTE,
David José Castro Mougán

A SECRETARIA,
M^a Carmen Merino Moína

